



IES Illa de Tambo

Plan anual de actuación do departamento de orientación



Índice

1. Introducción.....	3
1.1 Xustificación teórica e legal.....	3
1.2 Características do centro e do contorno.....	10
2. Obxectivos.....	23
3. Actuacións prioritarias do Departamento de Orientación.....	30
4. Estratexias de Intervención.....	33
5. Recursos.....	47
6. Criterios de avaliación do plan anual do DO.....	50
7. Anexos.....	53
I. Plan de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.....	53
II. Plan de orientación académica e profesional (POAP).....	60
III. Plan de acción titorial (PAT).....	66



1.- Introducción.

1.1 Xustificación teórica e legal.

A misión da educación é que as persoas desenvolvan o máximo das súas potencialidades e elaboren un proxecto de vida persoal. Este reto que a escola asume como lugar de construción da igualdade de oportunidades implica un cambio na concepción, organización e desenvolvemento da orientación, que pasa de considerarse un proceso de axuda especializada (externa e puntual) que discorre en paralelo á acción educativa, a considerarse parte inherente da educación; un proceso de axuda a profesorado, familias e alumnado co obxectivo de favorecer o seu desenvolvemento integral.

A concepción actual da orientación como actividade educativa cobra relevancia na **escola inclusiva** que pretende o desenvolvemento integral do alumnado e o desenvolvemento das competencias. Todas as persoas teñen dereito a unha educación de calidade nunha escola inclusiva e compensadora das diferenzas e desigualdades. Nesa escola, a orientación é un recurso necesario; convértese nun instrumento ao servizo da consecución da igualdade de oportunidades que persegue que todo o alumnado desenvolva ao máximo as súas potencialidades e elabore un proxecto de vida persoal que asegure a educación personalizada e integral; nun instrumento para a **atención á diversidade do alumnado**.

A lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), considera a orientación educativa como un dos seus principios, as función do profesorado, dentro das cales aparecen a orientación educativa e profesional e a titoría do alumnado. O que se mantén



coa nova lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro que modifica a lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE). Tendo en conta o recollido no D.229/11 do 7 de decembro no art.6 as actuacións dos centros deben potenciar a acción tutorial e orientadora por parte do profesorado, deseñar e poner en práctica accións preventivas e de detección temperá así como desenvolver medidas para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferencias.

A axeitada resposta educativa a todos o alumnado se concibe a partir do principio de inclusión, que garante o desenvolvemento de todos, favorece a equidade e contribúe a unha maior cohesión social. A atención á diversidade enténdese como unha necesidade que abarca todas as etapas educativas e a todo o alumnado, non só ao que presenta necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), polo que se trata de contemplala como un principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos. O alumnado, incluído o que presenta necesidades específicas de apoio educativo, debe ser escolarizado, como norma xeral, en centros educativos ordinarios, cos apoios necesarios, nun ambiente de **normalización e inclusión** (ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).

O **D. 229/11**, polo que se regula a atención á diversidade en Galicia a entende como un conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta



educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Como garante de que a orientación forma parte esencial da actividade educativa e de que se establece unha vía de asesoramento permanente ao profesorado e ás familias, créanse os departamentos de orientación (DO) nos centros educativos (regulados polo D. 120/1998 e pola O. do 24 de xullo de 1998). O DO elabora anualmente a **programación do departamento** (forma parte da PXA), na que se recollen as actuacións que se van levar a cabo ao longo dun curso (2023/24), concretando e apoiando **outros documentos de centro** como o Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP), o Plan de Acción Titorial (PAT), o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD), o Plan de Convivencia, o Proxecto Lector de centro, o Plan de Introducción das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), etc, incluídos no Proxecto Educativo (PE) e na Programación Xeral Anual (PXA), e contribuíndo ao desenvolvemento das **competencias clave** por parte do alumnado. Pero non serán os departamentos de orientación os que se encarguen en exclusiva da orientación, xa que o noso actual modelo de orientación articúlase en tres **niveis de actuación** (D. 120/98 e O. 24 xullo de 1998):

- Acción Titorial. É competencia de todo o profesorado, (artigo 91 da LOMLOE), coordinado polo profesorado titor e asesorado polo DO. É o primeiro nivel de orientación, entendendo a orientación como parte da función docente. A organización da acción titorial se establece a apartir do recollido no plan de acción titorial (PAT), documento que según a LOE no seu art. 121.2 forma



parte do proxecto educativo do centro, ou como modifica a LOMLOE, polo menos se recollerán medidas relativas a acción tutorial.

- Departamento de Orientación. É o responsable de coordinar as actividades de orientación nos centros. Traballa en estreita coordinación cos titores/as, aínda que tamén pode realizar tarefas máis especializadas (D. 120/98 e O. 24 de xullo de 1998). A función última, e que está no horizonte de todas as demais, é contribuír á mellora da calidade da educación, actuando como sistema de apoio e dinamización de todos os membros da comunidade educativa, entendida á súa vez como sistema no que todos os membros dependen e se inflúen mutuamente.
- Equipo de Orientación Específico (EOE). É o nivel especializado da orientación, subsidiario dos dous anteriores.

Deste xeito, a orientación enténdese como un labor de todo o equipo docente e, por extensión, de toda a comunidade educativa, sendo o orientador un dinamizador do proceso. A actividade orientadora terá sempre presentes as tres grandes **vertentes** (escolar, persoal e vocacional) e os **ámbitos da orientación** (acción tutorial; atención á diversidade/ apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe e orientación persoal, académica e profesional), na procura do desenvolvemento integral e a auto-orientación do alumnado.

De acordo coa filosofía da lexislación vixente, o DO potenciará a **intervención por programas**, complementada pola de consulta colaborativa, sen esquecer a intervención individualizada (modelo clínico) naqueles casos en que resulte indispensable.



Coincidiendo con [Álvarez e Bisquerra](#) (Álvarez, 1996-2012), “*a intervención nos centros educativos debe ser prioritariamente indirecta, grupal, interna e enfocada á prevención e ao desenvolvemento, sen que iso impida que, en circunstancias determinadas, se de unha actuación directa, máis individualizada ou de tipo correctivo*”.

Do sinalado ata o momento podemos extraer unha serie de **principios** que van guiar a nosa actuación educativa. Son principios recollidos por autores como [Rodríguez Espinar](#) (1993), [Lázaro e Asensi](#) (1987) e [Bisquerra](#) (1998):

- **Planificación.** A orientación debe ser unha actividade planificada, sistemática e continuada ao longo de toda a escolaridade.
- **Prevención.** A orientación debe ter carácter proactivo, o que supón realizar unha actuación de prevención de situacións problemáticas. [Caplan](#) establece tres tipos de prevención: primaria, secundaria e terciaria. A nivel educativo debemos levar a cabo a primaria, é dicir, actuar antes de que aconteza o problema.
- **Sistematización.** Significa optar por unha orientación non individualista, senón centrada nas necesidades e problemas da institución escolar. A orientación, como sistema, non debe centrarse só no alumnado; debe abranguer as familias, o profesorado...
- **Curricularidade.** A orientación debe estar integrada no currículo (formando parte das diferentes áreas ou materias que o conforman) e nos diferentes niveis de concreción curricular (DCB, PE e programación didáctica).



- Cooperación. A orientación non é unha tarefa exclusiva do orientador/a; require a coordinación e cooperación co resto de axentes (familias, profesorado...).
- Desenvolvemento Persoal. Trátase dunha orientación dirixida ao colectivo e a todos os niveis (afectivo, cognitivo, social) para lograr o desenvolvemento integral.
- Intervención Social. A intervención non só abranguerá o alumnado, tamén as familias, profesorado e medio xa que, como axentes sociais que somos, temos un importante peso de cara á transformación do contorno.

Tampouco podemos esquecer os principios mencionados no **Código Deontolóxico** da nosa profesión: respecto aos dereitos fundamentais, confidencialidade, formación e actualización, rigor e transparencia, compromiso coa desvantaxe socioeducativa, traballo en equipo e en redes de coordinación, coherencia ética e persoal (COPOE, 2015). Finalmente, sinalar que á hora de abordar a nosa planificación anual teremos en conta o regulado nos referentes legislativos máis xerais, como son a **LOMLOE**, o **D.120/98**, polo que se regula a orientación educativa e profesional na nosa comunidade autónoma, a **Orde do 24 de xullo de 1998**, que o desenvolve e pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional; a **Circular 10/10**, pola que se ditan instrucións e se establecen as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional; o **D. 324/96**, polo que se aproba o regulamento orgánico dos IES, e a **Orde do 1 de agosto de 1997**, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do devandito decreto, D.156/22 do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da ESO e Bacharelato; o **D. 229/11**, polo que se regula



a atención á diversidade e a Orde do 8 de setembro de 2021 (pola que se desenvolve). Así mesmo, en función das intervencións referidas a cuestións máis concretas ás que teñamos que facer fronte, aterémonos ao disposto nos referentes legislativos específicos en cada caso (Ver Anexo), así como nos **protocolos** publicados pola Consellería de Educación, a meirande parte deles enmarcados na “estratexia galega para a convivencia 2015-2020” (**Educonvives.gal**).

Finalmente, gustaríame engadir, para rematar este primeiro apartado, como se van traballar na nosa programación as **competencias clave**:

- *Competencia en Comunicación Lingüística.* Desde a actividade orientadora contribúese ao desenvolvemento desta competencia a través do reforzo por parte do PT, a través de lecturas, na busca de información, a través do desenvolvemento da autoestima e da confianza nun mesmo...
- *Competencia Plurilingüe.* Coñecendo aspectos funcionais das distintas linguas e poder aplícalo de maneira formal e informal en situación cotiás. Amosando unha actitude positiva cara a diversidade cultural. Establecendo respecto polo perfil lingüístico e persoal de cada alumno/a.
- *Competencia Matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.* A través do reforzo por parte da PT, de programas informáticos, calculando a nota media, con reflexións sobre como contribuír á mellora do medio ambiente, sobre hábitos de vida saudables...
- *Competencia Dixital.* a través de actividades como a busca de información sobre o sistema educativo e laboral, con programas para mellorar as técnicas de traballo



intelectual (como o popplet), con programas informáticos de orientación vocacional...

- *Competencia Persoal, social e aprender a aprender.* Mediante estratexias de aprendizaxe, a través da valoración da perseverancia na aprendizaxe como un elemento que enriquece a vida persoal e social...
- *Competencia Cidadana.* A través da acción titorial, por medio de actividades de convivencia, mediación, habilidades sociais, interculturalidade, valores, igualdade...
- *Competencia Emprendedora:* TD, establecemento do proxecto persoal, habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo, etc.
- *Conciencia e expresións culturais:* desde a actividade orientadora contribúese ao desenvolvemento desta competencia a través de habilidades de cooperación e traballo cooperativo, dunha actitude de respecto cara á diversidade, a través de dinámicas de grupos, dramatización, role-playing...



1.2.- Características do centro e da contorna.

O IES Illa de Tambo comeza a súa andadura no ano 1955 en Marín, unha localidade costeira pertencente xeográfica e administrativamente á comarca do Morrazo, pero integrada social e economicamente na zona urbana de Pontevedra. Marín consta aproximadamente cuns 25.000 habitantes. O porto de Marín é o terceiro peirao pesqueiro e de tráfico de contenedores galego, aínda que a pesca é a súa actividade económica principal.

O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio e a lingua que maioritariamente se emprega é o castelán.

Na actualidade acoden ao IES **alumnos/as** para cursar estudos de ESO (vía de ensinanzas académicas e vía de ensinanzas aplicadas) e Bacharelato (na modalidade de Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais).

	Nº de grupos	Nº de alumnado
--	--------------	----------------



Curso		
1º ESO	2 Liñas	<ul style="list-style-type: none">• 27 alumnos/as en A.• 27 alumnos/as en B.
2º ESO	3 Liñas	<ul style="list-style-type: none">• 25 alumnos en A• 28 alumnos/as en B.• 28 alumnos/as en C
3º ESO	3 Liñas:	<ul style="list-style-type: none">• 19 alumnos/as en A.• 24 alumnos/as en B.• 20 alumnos/as en C.
4º ESO	2 Liñas:	<ul style="list-style-type: none">• 23 alumnos/as en A.• 26 alumnos/as en B.• 20 alumnos/as en C
1º Bacharelato	2 Grupos	<ul style="list-style-type: none">• 31 alumnos/as en A• 25 alumnos/as en B• 20 alumnos/as en C• 21 alumnos/as en D
2º Bacharelato	4 Grupos	<ul style="list-style-type: none">• 29 alumnos/as en A• 24 alumnos/as en B• 21 alumnos/as en C.

- Total alumnado na ESO: 267.
- Total alumnado en Bacharelato: 171



No presente curso o claustro está composto por un total de **45 docentes**. A maioría teñen destino definitivo no centro, se ben neste curso contamos con bastante profesorado substituto e interino que amosan preocupación e interese pola actividade orientadora, sempre que isto non implique demasiada dedicación.

No Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) do noso centro están recollidas todas as **medidas de atención á diversidade (MAD)** ordinarias e extraordinarias que contemplamos. En canto a estas medidas, aplicaremos en primeiro lugar as de tipo ordinario, seguido das medidas extraordinarias no caso de que as primeiras resulten insuficientes. O departamento de orientación velará, en colaboración coa xefatura de estudos, polo seu bo funcionamento.

No presente curso 2023-24 se establecen as seguintes MAD en base ó recollido no PXAD e na O.8 set/21 do que desenvolve o Decreto 229/11, que regula a atención á diversidade en Galicia.

- **Reforzo Educativo e Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.**

Trátase dunha medida de atención á diversidade ordinaria que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, secuencia de contidos, formas e instrumentos de avaliación, organización da aula, agrupamentos do alumnado e todo aquilo incluído no ámbito da metodoloxía (art. 48 Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o D.229/11 do 7 de decembro).

- **Programa de enriquecemento curricular,** programa de tratamento personalizado destinado a alumnado que presenta altas capacidades intelectuais. Ten por finalidade promover os distintos talentos, dando resposta



as inquiredas, ás potencialidades e ao interese por aprender así como manter o nivel de motivación. (art. 49 Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o D.229/11 do 7 de decembro).

- **Adaptacións Curriculares**, unha medida de atención á diversidade extraordinaria que afecta a elementos prescritivos do currículo, é dicir, obxectivos, contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares de aprendizaxe (art.55 Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o D.229/11 do 7 de decembro).
- **Programas de habilidades e competencias sociais**, tendo en conta a igualdade de oportunidades para desenvolver os valores do principio de igualdade de trato e non discriminación por razóns de nacemento, orixe racial ou étnico, sexo, discapacidade, idade, doenza, relixión ou crenzas, nin por ningunha outra condición nin circunstancia persoal nin social, así como prevención da violencia de xénero, desenvolveranse programas de habilidades e competencias sociais e cognitivas necesarias para favorecer a empatía, autoestima, comprensión das demais persoas, interaccións satisfactorias de solidariedade, respecto a tolerancia e todo o que signifique a mellora das relacións de convivencia. Estas actuacións desenvolveranse en todas as áreas, materias, ámbitos ou módulos e terán en consideración os elementos transversais do currículo (De conformidade co recollido no art. 24 do D.8/2015, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a lei 4/11, do 30 de xuño de participación e convivencia).



- **Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pasa de curso con materias sen superar**, dito plan será elaborado polo profesor que imparte a materia baixo as directrices do departamento didáctico correspondente e co coñecemento da persoa titora. O plan adaptarase as particularidades de cada alumno (art.51 Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o D.229/11 do 7 de decembro).
- **Plan específico personalizado para alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso**, teste plan en como obxecto adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado para tratar de superar as dificultades detectadas. Elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso. (art.52 Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o D.229/11 do 7 de decembro).
- **Apoio da mestra de PT** , recurso dirixido á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo. (art.57 Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o D.229/11 do 7 de decembro).
- **Exención de segunda lingua estranxeira**. O alumnado con exención de segunda lingua estranxeira asistirá a reforzo nas materias instrumentais, tal e como se establece no Resolución do 17 de xuño de 2021, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do currículo establecido no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.



- **Programas de reforzo nas materias instrumentais básicas** (lingua galega, castelá e matemáticas), destinados a alumnado que accede a 1º de ESO por imperativo legal, a repetidores de 1º e/ou 2º de ESO e alumnado que promociona a 2º de ESO con algunha ou todas as áreas. **Este alumnado estará exento de cursar a segunda lingua estranxeira** (Resolución do 17 de xuño de 2021).
- **Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa ESO**, redución dun ano escolar para o alumnado de acreditación de altas capacidades, independentemente de que se reducira ou non a súa permanencia nas etapas anteriores. Esta redución non poderá afectar o derradeiro curso desa etapa (art.58 Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o D.229/11 do 7 de decembro).
- **Programa de reforzo por parte da PT co alumnado procedente do estranxeiro con descoñecemento (ou coñecemento parcial) das dúas linguas cooficiais na nosa Comunidade Autónoma**. Non é posible formar un grupo de adquisición de linguas, polo que a través desta medida pretendemos o impulso da formación inicial específica do alumnado estranxeiro nas linguas vehiculares do ensino.
- **Programas de recuperación: Encamiñado ao logro das competencias e dos obxectivos xerais da etapa. As ensinanzas deste programa estará baseado nos mínimos esixibles**. Destinado a alumnado que promociona a 2º de ESO con materias suspensas que non son as instrumentais. Este alumnado poderá quedar exento de cursar a segunda lingua estranxeira (Circular 8/09).



- **Aula de Atención Educativa e convivencia (C.8/2009)**, destinada a alumnado con conductas disruptivas que impide o normal desenvolvemento do traballo do grupo-clase.
- **Agrupamentos Específicos** en 1º e 2º de ESO. Os agrupamentos son dunha medida extraordinaria de atención á diversidade que ten como obxectivo apoiar-lo alumnado con dificultades de aprendizaxe xeneralizadas, alumnado que reclama unha atención máis individualizada para poder segui-lo ritmo de aprendizaxe. Consta como RE (Circular 9/99, pola que se ditan instrucións para a atención á diversidade da educación secundaria obrigatoria):
 - 1º ESO: Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas.
 - 2º ESO: Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas

Este curso temos escolarizado alumnado con NEAE (necesidades específicas de apoio educativo):

- **TDAH.**
- **Altas capacidades intelectuais.**
- **Necesidades educativas especiais (NEE).**
- **Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.** Alumnado con descoñecemento total ou parcial das linguas vehiculares do ensino escolarizados en diferentes cursos da ESO.



Ademais temos alumnado con enfermidades crónicas (diabete e epilepsia).
algúns dos cales están dados de alta no Programa Alerta Escolar.

O centro é **ABALAR** e está no **PLAMBE** (Plan de mellora de bibliotecas
escolares).

O profesorado manifesta interese pola innovación educativa no centro e no presente
curso solicitamos, dentro do **Plan Proxecta** o Proxecto deportivo de centro.

Ao longo do curso os distintos departamentos didácticos acostumaban a
programar unha importante variedade de actividades complementarias e extraescolares:
excursión a Andorra (1º de Bacharelato), Picos de Europa (2º ESO), visita ás
universidades, participación en Edugal, diferentes obradoiros a cargo de distintas
asociacións da contorna (Rexurdir, Cruz vermella, secretariado xitano...), as charlas do
Plan Director, asistencia a representacións teatrais...

Dende o departamento de orientación (DO) solicitamos o curso pasado, dentro
do Plan de Formación Permanente do Profesorado, un seminario/ grupo de traballo sobre
“**Estratexias para a mellora da convivencia**” no que se traballasen contidos como a
convivencia positiva, a prevención e a resolución de conflitos e medidas organizativas e
curriculares, co obxectivo de contribuír á mellora do clima de convivencia do centro.

No centro existe unha Asociación de Pais e Nais, **ANPA “MARIÑÁN”** que
participan e se implican na dinámica do centro. En xeral, tamén é escasa a implicación
das familias na vida do centro (asistencia a reunións esporádicas, case sempre a petición
do profesorado titor), polo que tentaremos aumentar a súa participación no proceso



educativo a través do establecemento de relacións de colaboración coa titoría e asumindo compromisos mutuos.

A colaboración co **Concello** é fluída, tanto coa educadora familiar dos servizos sociais como coa traballadora social.

O noso centro ten un centro adscrito, o **CEIP** de **Sequelo** do que procede a meirande parte do alumando, pero tamén recibimos alumnado procedente de outros centros como o CEIP da Laxe e o CEIP do Carballal, ambos do concello de Marín.

Respecto ao **Departamento de Orientación do IES** sinalar que está composto polos seguintes membros:

- Xefa do DO (psicopedagoga): Noelia Álvarez Acevedo.
- Un titor do ámbito lingüístico-social: María Elvira Millán Liméns (Lingua Castelá).
- Un titor do ámbito científico-tecnolóxico: María Fernández González (matemáticas).
- 2 mestras en pedagogía terapéutica: María Lourdes Senra Rodríguez e María González Núñez.
- O orientador do centro adscrito: Xosé Manuel Vidal Bouzo.

Tal e como se recolle no artigo 13.2 da Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, os membros do departamento de orientación



reuniranse unha vez por trimestre; mensualmente os membros do departamento de orientación con destino no IES, convocados pola xefa do departamento.

Por outra banda, mensualmente, xefa do departamento de orientación tentará reunirse co profesorado titor dos distintos cursos da ESO e de manter un contacto sistemático e periódico cos titores/as de bacharelato co eido de potenciar a Acción Titorial no centro. A súa vez, trataremos de establecer unha hora de reunión semanal coa PT coa finalidade de establecer pautas de actuación e seguimento do alumnado que require dunha atención máis individualizada e para a elaboración de materiais destinados á atención á diversidade, así como para a posta en marcha do PXAD e dos diferentes protocolos que del se derivan.

En función das necesidades que vaian xurdindo estableceranse as reunións pertinentes con cada un dos axentes educativos, así como os externos ó IES (psicóloga, traballadora social do concello, orientadora laboral...).

O **horario** para a reunión de departamento é consensuado entre os membros con destino no centro que se reúnen semanalmente para o seguimento e avaliación do plan de orientación (POE), valorar os materiais que se precisa comprar (o presuposto xestiónase dende a secretaría do centro e péchase co ano natural), e para o cumprimento, en definitiva, das funcións recollidas no Decreto 120/98 e na Orde do 24 de xullo de 1998 que o desenvolve. Unha vez por trimestre acode á reunión o orientador do CEP adscrito, co fin de realizar un seguimento conxunto e coordinado do plan de orientación e realizar as modificacións que sexan precisas.



Dende o departamento de orientación achegamos ao equipo directivo a petición de establecer, dentro do horario lectivo, reunións de coordinación co profesorado titor xa que, pese a que sabemos que non son obrigatorias por lei (**O. 23 de xuño de 2011**, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente, modificada pola **O. 4 de xuño de 2012**), considerámolas imprescindibles para o axeitado deseño e desenvolvemento do PAT e para o seguimento dos procesos de ensino- aprendizaxe e das medidas de atención á diversidade.

Mensualmente, o DO reunirase coa CCP e co profesorado que atende ao alumnado con NEAE e, sempre que sexa preciso, co equipo directivo, ANPA, familias, etc.

Co eido de promover a achega do alumnado ao DO por iniciativa propia, a xefa do DO permanecerá no despacho nos recreos (a excepción de dous nos que está de garda) ademais de nas sesións adicadas á atención do alumnado.

A **atención ás familias** será presencial, telefónica ou a través do correo electrónico. Aínda que no horario da orientadora hai unha hora de atención a pais e nais, para compensar as posibles dificultades de dispoñibilidade horarias das familias, a atención a estas será en calquera momento da xornada.

Para facer visible o traballo do DO no centro contamos cun espazo adicado á orientación e unha sección de novas na web do IES. Ademais, o departamento de orientación creou o curso pasado un **blogue**: www.tamboorienta.blogspot.com co obxectivo de visibilizar novas e dar a coñecer información de interese para os diferentes



membros da comunidade educativa (becas, ABAU, probas de acceso a ciclos, información sobre os premios extraordinarios da ESO e Bacharelato, formación profesional dual, información sobre acreditación de competencias, ensinanzas de réxime especial, graos universitarios, etc).

Para garantir a confidencialidade tanto dos documentos elaborados no DO, como dos que custodia, tal e como se establece no protocolo de protección de datos e na **Lei orgánica 3/2018**, do 5 de decembro de protección de datos persoais, e no protocolo de protección de datos persoais e de identidade persoal, ditos documentos estarán custodiados baixo chave no DO.

Os recursos dos que podemos contar na zona e cos que habitualmente colaboramos son os seguintes:

- Centro de Saúde. Este ano a colaboración será aínda máis estreita xa que a xefa do departamento de orientación forma parte do equipo covid do centro, xunto co xefe do departamento de orientación física e o director.
- Servizos Sociais.
- Cruz Vermella.
- Centro de Información á Muller (C.I.M.) do Concello.
- Equipo de Orientación Específico de Pontevedra.
- Outros Centros e IES de Marín e outros concellos próximos
- Universidades (Vigo, Santiago, A Coruña), técnicos de orientación do S.U.G ...
- Centros de Educación Especial da zona, como os CEE Saladino Cortizo en Vigo



e CEE Príncipe Felipe en Pontevedra, para posibles derivacións en caso de ser necesario un cambio da modalidade de escolarización.

- Asociacións da zona: COGAMI, Rexurdir...
- Hospital Nicolás Peña (Vigo), onde se atopa a Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil
- Asesoramento en Orientación da Consellería de Educación en Santiago de Compostela.
- Servizo de Menores da Xunta de Galicia.
- Outras asociacións, relacionadas con problemáticas específicas do no do alumnado, como as asociacións de hiperactividade de Vigo (ANHIDA e ADAHPO), a asociación de altas capacidades ASAC de Santiago de Compostela, etc.
- Centro de Recursos (CEFORE).

As funcións do Departamento de Orientación están recollidas nos artigos 6 e 7 do Decreto 120/1998 do 23 de Abril, polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional na CC.AA de Galicia e no artigo 5 da Orde de 24 de Xullo de 1998. Ditas funcións xiran entornó os seguintes eixos:

- a) Valorar as necesidades educativas e diseñar e desenvolver programas de intervención.
- b) Elaborar as propostas do POAP e do PAT segundo as directrices recibidas da CCP.
- c) Ofrecer soporte técnico ao profesorado.



- d) Diseñar accións encamiñadas á atención temperá do alumnado do centro.
- e) Colaborar na elaboración, revisión e avaliación do PE.
- f) Participar na avaliación psicopedagóxica e na organización dos apoios ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- g) Facilitar ao alumnado o asesoramento e apoio necesarios.
- h) Informar ao alumnado dos recursos laborais e profesionais para favorecer a súa toma de decisións e a autoorientación.
- i) Cooperar cos membros dos Equipos de Orientación Específico no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.
- j) Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa.
- k) Promover a cooperación e implicación das familias no proceso educativo.
- l) Establecer canles de comunicación con outros servicios e institucións da zona.
- m) Coordinar a orientación profesional e laboral con outras administracións ou institucións.

No D.229/2011 establécense novas responsabilidades entre as que se atopan asesorar á totalidade da comunidade educativa nos procesos de identificación das necesidades, na súa valoración e avaliación e nas medidas educativas que sexa preciso adoptar (art. 33) e elaborar os correspondentes protocolos de demanda da avaliación psicopedagóxica (art.34).

Máis concretamente, as **función da xefa do DO** están recollidas no artigo 6,



e concretáanse nas seguintes:

- a) Dirixir e coordinar as actuacións propias do departamento.
- b) Responsabilizarse da redacción do Plan de actividades do departamento.
- c) Velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso.
- d) Participar na elaboración do PE representando ó departamento CCP.
- e) Convocar e presidir as reunións do departamento.
- f) Velar pola confidencialidade dos documentos.
- g) Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamiento específico.
- h) Realizar as avaliacións psicopedagóxicas e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.
- i) Facilitar a colaboración entre os membros do departamento de orientación.
- j) Coordinar, en colaboración co profesorado de apoio, a atención do alumnado con NEE.
- k) Participar nas sesións de avaliación.

Entre as funcións da **mestra de apoio** ao alumnado con NEE destacar:

- Asistir ás reunións da CCP.
- Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á ESO e, cando cumpra, nas sesións de avaliación que afecten a alumnado con NEE.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas dirixidas á atención



á diversidade.

- Prestar atención directa ó alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.
- Aqueloutras que a Administración lle asigne.

2.- Obxectivos.

O noso modelo orientador, baseado no modelo de programas, esixe que se establezan uns obxectivos que determinen a nosa práctica tendo en conta as características e necesidades do centro e baseándose nas funcións establecidas no Decreto 120/98 e na Orde do 24 de xullo de 1998. De xeito xeral, os obxectivos que guían a intervención do departamento de orientación son: a persoalízala educación, a atención á diversidade do alumnado e contribuir á axeitada interacción entre os diferentes membros da comunidade educativa.

2.1 Obxectivos Xerais.

Os **obxectivos xerais** do departamento establécense tra-lo estudo dos diferentes documentos de centro e do propio departamento (memoria do curso pasado), o intercambio de información co profesorado en xeral e o equipo directivo en particular, as achegas da CCP e as accións prioritarias recollidas na Circular 10/2010. Para acadar estes obxectivos levaranse a cabo accións en relación aos tres eixos fundamentais da orientación educativa:

- A atención á diversidade do alumnado.
- O apoio á acción titorial.



- A orientación académica e profesional.

A concreción dos puntos anteriores no noso contexto escolar, lévanos a plantexar os seguintes obxectivos xerais para o curso académico 2023-2024, que teñen como finalidade contribuír ao máximo desenvolvemento das competencias do noso alumnado na procura do seu desenvolvemento integral. Están orientados a facilitar a consecución das competencias clave: competencia en comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), Aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Dende o DO, pretendemos incidir fundamentalmente nas competencias de Aprender a Aprender, Sentido de iniciativa e competencias sociais e cívicas. Para tal fin levaranse a cabo determinadas accións como poden ser:

- Contribuír á personalización da educación.
- Favorecer os procesos de madurez vocacional.
- Optimizar o rendemento da ensinanza mediante o adecuado asesoramento ao alumnado ao longo do sistema educativo e no seu tránsito á vida activa.
- Contribuír ás adecuadas interaccións entre os membros da comunidade educativa: alumnado, profesorado e familias.
- Lograr unha orientación de calidade nas vertentes escolar, persoal e vocacional e propiciar, a través da acción titorial e orientadora o desenvolvemento integral do alumnado.



- Promover a cooperación entre o centro e as familias e que éstas se impliquen no proceso de ensino e aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

2.2. Obxectivos Específicos.

Os obxectivos xerais concréntanse nunha serie de **obxectivos específicos** aos que trataremos de dar resposta nunha serie de liñas de acción prioritarias, que desenvolveremos no seguinte apartado da programación. En función dos tres ámbitos de intervención do departamento de orientación, marcamos os seguintes obxectivos específicos:

a) **Obxectivos relacionados coa potenciación da Acción Tutorial:**

- Dinamizar a función tutorial colaborando activamente co profesorado titor na posta en práctica do PAT e facilitándolles os recursos e materiais necesarios para o desenvolvemento das titorías.
- Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de orientación e tutoría que o profesorado realiza no centro.
- Detectar as necesidades das titorías e chegar a propostas consensuadas e aceptadas polo profesorado titor que dinamicen a acción tutorial no centro.
- Facilitar o seguimento e atención individual do alumnado en situación de risco ao longo do curso a través dunha acción tutorial máis individualizada.
- Avaliar o funcionamento do plan, as programación titoriais e a intervención do DO.
- Colaborar co profesorado titor na relación coas familias.
- Cooperar co profesorado titor na información ás familias sobre asuntos relacionados



coa orientación académica, psicopedagóxica e profesional, co obxectivo de que asuman a orientación dos seus fillos de xeito responsable.

b) Obxectivos de Atención á Diversidade ou Apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe:

- Asegurar unha adecuada resposta educativa ao alumnado con NEAE.
- Intervir na detección precoz de necesidades educativas para axilizar a intervención.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica (e posterior informe psicopedagóxico) para decidir a conveniencia de incorporar a un alumno/a a unha medida de atención á diversidade ou programa específico.
- Asistir ás sesión de avaliación coa finalidade de recibir e proporcionar información sobre o alumnado, e para facilitar que devanditas sesión se axusten aos principios de avaliación continua, formativa e orientadora.
- Favorecer a coordinación co EOE.
- Promover o traballo colaborativo coas institución da contorna que traballan co alumnado do noso centro, especialmente cando se trata de alumnado con NEE.

c) Obxectivos relacionados coa Orientación Académica e Profesional:

- Facilitar ao alumnado información actualizada sobre as distintas opcións educativas dispoñibles na contorna.
- Proporcionar ao alumnado unha orientación académica e profesional diversificada e grupal. Individualizada nos casos nos que a grupal sexa insuficiente, ou con aquel alumnado que pode ter dificultades para obter a titulación na etapa correspondente



- Favorecer un axeitado autoconecemento, base para poder tomar decisións vocacionais axeitadas.
- Proporcionar información ás familias a fin de facelas partícipe na toma de decisións vocacionais dos seus fillos/as.
- Organizar actividades extraescolares relacionadas coa orientación académica e profesional, en coordinación con vicedirección, tales como visitas as diferentes universidades galegas. Este curso non se contempla a realización de actividades complementarias e/ou extraescolares mentres dure a situación de alerta sanitaria polo que o recorrido será virtual.



3.- Actuacións prioritarias do Departamento de Orientación.

3.1. Actuacións en relación ao profesorado.

- Coñecemento das funcións do DO.
- Elaboración do PAT (dentro do PE) establecendo, en colaboración cos titores/as, os criterios xerais que deberán orientar o traballo que se realice nas titorías ao longo do curso (en función das necesidades detectadas).
- Asesoramento nos criterios de actuación, recursos e instrumentos necesarios en relación ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Traballar cos departamentos didácticos que o demanden en todo o relativo ás medidas de atención á diversidade.
- Deseño do POAP (de acordo coas directrices establecidas pola CCP) e coordinación do seu proceso de desenvolvemento.
- Achega de información ao profesorado sobre o alumnado de nova incorporación ao centro. Dinamización do emprego dos diversos protocolos (TDAH, absentismo, acoso escolar, altas capacidades...).
- Asesoramento e achega dos materiais necesarios á mestra de pedagogía terapéutica e ao profesorado que poña en marcha medidas de reforzos educativo, adaptacións curriculares...



3.2. Actuacións en relación ao alumnado.

- Realización de avaliacións psicopedagóxicas cando así se requira.
- Elaboración e/ou actualización de informes psicopedagóxicos do alumnado con NEE.
- Seguimento do proceso educativo e das medidas de atención á diversidade adoitadas, en colaboración co titor/a e resto do profesorado que imparte docencia no grupo.
- Asesoramento individualizado (puntual) segundo as demandas e necesidades.
- Orientación académica e profesional.

3.3. Actuacións en relación ás familias.

- Colaborar con xefatura de estudos no deseño de actuacións que faciliten a acollida das familias por parte do centro.
- Deseño e posta en marcha de accións que promovan a cooperación das familias e a súa implicación no proceso de formación persoal e académica dos seus fillos e fillas.
- Achega de información e resolución de dúbidas sobre a estrutura do sistema educativo, as distintas opcións académicas e saídas profesionais.



3.4. Actuacións en relación co centro.

- Asesoramento e achega de recursos á comunidade educativa na posta en marcha de medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade e na mellora da convivencia no centro.
- Coordinar e deseñar reunións informativas sobre os itinerarios educativos ofertados no centro e a orientación académica e profesional ao termo da ESO.
- Impulsar a posta en marcha do programa de habilidades sociais.
- Impulsar a posta en marcha do programa de benestar emocional.
- Asistencia ás sesións de pre-avaliación e avaliación.
- Asistencia ás reunións convocadas pola CCP e asesorar naqueles aspectos psicopedagóxicos que lle sean demandados.

3.5. Actuacións respecto do centro adscrito: CEP de Sequelo.

- Organización de actividades de acollida do alumnado que se vai a incorporar ao IES: visita da orientadora ao centro adscrito para informarlles do funcionamento do noso centro, visita do alumnado de 6º curso de EP ao IES, xornada de portas abertas para que as familias visiten o IES...
- Colaboración cos orientadores dos centros de procedencia do alumnado para intercambiar a información necesaria respecto do alumnado.
- Asesoramento aos centros cando así o demanden nas tarefas educativas e de seguimento do proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado.



3.6. Actuacións respecto doutros organismos.

- Colaboración co Servizos Sociais do Concello de Marín en tarefas relacionadas coa prevención e desenvolvemento psicosocial do alumnado.
- Contacto con outros servizos da contorna: servizos de emprego, CIM Marín...



4.- Estratexias de Intervención.

4.1. Plan de Acción Titorial

Unha verdadeira educación esixe das institucións educativas a capacidade de personalizar os procesos de ensino e aprendizaxe mediante intervención do profesorado titor que teñan como obxectivo básico responder ás necesidades, grupais e individuais, de alumnado, familia e docentes.

O plan de acción titorial é o documento no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das titorías no centro. O DO elabora o PAT en colaboración cos titores/as, deseñando as estratexias e criterios xerais que deben orientar a labor de todo o profesorado titor ao longo do curso, e aportando a información e o material que sexa necesario.

Partiremos duns obxectivos xerais para todas as etapas educativas e en cada unha delas facemos referencia a unha serie de acción que se priorizarán en función das características propias da etapa:

➤ **Obxectivos xerais:**

- Impulsar o desenvolvemento psicosocial do alumnado mediante a integración grupal e fomentando a súa participación tanto na contorna escolar como social.
- Optimizar os procesos de aprendizaxe mediante actuacións preventivas e coordinando os procesos de avaliación e promoción.



- Colaborar no desenvolvemento, implementación e actualización do PAT.
- Coordinar a actuación do equipo docente e facilitar o labor do profesorado titor.
- Orientar ás familias no seu labor educativo.

➤ **Obxectivos Específicos:**

▪ **Respecto ao alumnado:**

- Impulsar a integración do alumnado no centro e no grupo clase, así como a súa participación nas actividades educativas programadas.
- Favorecer o autoconceito, autoestima e identidade persoal.
- Detectar as dificultades de aprendizaxe existentes e proporcionar unha axeitada resposta educativa.

▪ **Respecto ao profesorado:**

- Colaborar co profesorado na elaboración de materiais de recollida de información sobre o grupo clase.
- Coordinar e planificar actividades de avaliación e autoavaliación.
- Proporcionar ao profesorado titor o material necesario para o desempeño das súas funcións.



- **Respecto ás familias:**
 - Implicar ás familias nas actividades propostas polo centro.
 - Informar ás familias da evolución dos seus fillos/as e asesorar ante situación problemáticas.

- **Accións prioritarias.** Neste ámbito recolleremos catro tipos de actuacións:
 1. De recepción e acollida.
 2. De coñecemento do grupo clase.
 3. De intervención sobre as dificultades máis comúns no alumnado e os problemas de convivencia, a través de sesións programadas de apoio ás dificultades, a través da coordinación das accións docentes e da comunicación e colaboración coas familias.
 4. Relacionadas coa avaliación: sesións de pre e postavaliación co alumnado, de intercambio de información coas familias e de coordinación docente.

Así, serían **accións prioritarias:**

- Actividades de acollida e coñecemento do grupo clase.
- Asesoramento, colaboración e incorporación dos contidos relacionados co aprendizaxe emocional, dinámicas de grupos, igualdade real entre homes e mulleres... a través de dinámicas de traballo cooperativo, aprender a aprender e estratexias de traballo intelectual.



- Actuacións en relación á promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos: colaboración na avaliación inicial do estado de convivencia no centro; habilidades sociais e resolución pacífica de conflitos.
- Proposta de medidas encaminadas a disminuir o absentismo escolar e o abandono temperá dos estudos: potenciar a participación do alumnado nas actividades do centro para que se sinta partícipe do seu aprendizaxe; fomento da autoestima e do autoconcepto...
- Establecemento de criterios básicos para a elección de titores, (en colaboración con xefatura de estudos): que impartan a todo o grupo clase, que amosen interese pola titoría, horas de coordinación...
- Reunións coa CCP e co profesorado titor para a elaboración do PAT.
- Asesoramento sobre itinerarios académicos e profesionais, elección de optativas...

Ao comezo de curso, na reunión cos titores/as a orientadora fará entrega dunha programación tutorial (flexible e orientativa) na que se recollen aqueles aspectos que o DO aconsella traballar en función das características do centro e do curso.

Ademáis hai que engadir unha serie de **actividades complementarias e extraescolares** que nos gustaría desenvolver dende



o DO pero que algunas delas non se poderán levar a cabo mentres dure a alerta sanitaria.

- Obradoiro de Educación Socioemocional.
- Obradoiro de saúde afectivo sexual (3º e 4º de ESO).
- Obradoiros sobre a prevención da violencia de xénero.
- Actividades para o fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Representacións teatrais.
- Obradoiro sobre racismo e xenofobia.
- Celebración de efemérides.
- Charlas do Plan Director.
- Obradoiro sobre estilos de vida saudables e prevención de adicións.
- Obradoiro sobre reciclaxe.

Metodoloxía: Activa, participativa e interactiva, que parta dos coñecementos previos do alumnado para favorecer aprendizaxes significativos e funcionais. así como el logro de los objetivos y de las competencias correspondientes.

- Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo.
- A intervención educativa terá en cuenta como principio á diversidade do alumnado.
- Presentarase unha atención especial á adquisición e desenvolvemento das competencias, e formarase na correcta expresión oral e escrita, e no uso das matemáticas.



- Dedicarase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula.
- Empregaranse diferentes tipos de agrupamentos (cando a situación sanitaria o permita), técnicas de dinámica de grupos, autoinstrucións... coa mediación do profesorado, favorecendo así a competencia de aprender a aprender.
- Para favorecer a socialización ademais de empregar dinámicas con actividades de intelixencia emocional (que favorezcan a socialización e as relación positivas na aula).
- **Avaliación**: A avaliación será inicial (valoración de necesidades), continua e formativa. En cada sesión de avaliación se recollerán datos sobre a marcha do proceso de e-a, en función da que se revisará a evolución do plan e se introducirán as modificacións necesarias. Orientado para que o propio alumno sexa coñecedor do seu propio proceso de aprendizaxe, das estratexias que empregou e de aspectos que faciliten mellorar a súa competencia Na avaliación será fundamental partir dos distintos momentos (inicial, continua e final) destacando a importancia da avaliación inicial na atención á diversidade. Co eido de mellorar aqueles aspectos susceptibles de mellora de cara ao vindeiro curso, o DO levará a cabo unha avaliación específica a través dunha triangulación de métodos:



- Contrastando as experiencias mediante o intercambio de información co profesorado titor.
- A través do seguimento do alumnado.
- Elaborando e aplicando, sempre que sexa posible, cuestionarios dirixidos a alumnado, familias e profesorado.

4.2. Atención á Diversidade ou Apoio ao Proceso de e-a

A amplitude e complexidade dos procesos de ensino e aprendizaxe en educación secundaria esixen das institucións educativas a capacidade de axustar as respostas educativas ás necesidades educativas do alumnado.

O plan de apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe é o documento no que se recollen e desenvolven as propostas relativas á atención á diversidade. Dar unha resposta educativa persoal e adaptada a cada alumno/a é a finalidade das medidas de apoio que se recollen neste plan.

➤ **Obxectivos xerais:**

- Previr e detectar as dificultades de aprendizaxe que se poidan presentar nos procesos de ensino.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades do alumnado coa posta en marcha de medidas de atención ordinarias (como o RE) ou extraordinarias (AC, PMAR, PDC...), de ser o caso.
- Organizar espazos e tempos que faciliten a atención á diversidade.



- Asesorar ao profesorado no tratamento educativo do alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe, tanto no que se refire á posta en marcha de procesos de reforzo como outras medidas máis extraordinarias.
 - Artellar respostas ás dificultades máis habituais no noso centro, como son por exemplo, a comprensión lectora e as técnicas e hábitos de estudo.
 - Asesorar e colaborar con alumnado e familias na solución das DA que atopen durante o período de escolarización.
 - Contribuir ao deseño e desenvolvemento das diferentes vías de atención á diversidade previstas na nosa lexislación.
 - Orientar ás familias de alumnado con DA co gallo de acadar a súa colaboración e participación nos procesos de apoio.
- **Accións prioritarias:**
- Asesoramento e orientación no relativo ós elementos do PE relacionados coa atención á diversidade: identificación temperá de necesidades; modificación das medidas de apoio/reforzo que esté recibindo o alumnado para avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe; establecemento de canles de coordinación cos centros de educación primaria da zona, de modo que se facilite o tránsito do alumnado entre etapas.



- Asesoramento didáctico do profesorado e dos departamentos didácticos sobre cuestión como criterios e técnicas de avaliación, estratexias e técnicas metodolóxicas, individualización didáctica...
- Colaboración co equipo docente e directivo no deseño e implementación da avaliación inicial do alumnado e o establecemento de criterios organizativos dos grupos.
- Participación na sesión de avaliación inicial, poñendo en coñecemento do profesorado aqueles aspectos máis relevantes do alumnado, dende o punto de vista educativo, dos que temos coñecemento
- Colaboración coa xefatura de estudos e o equipo docente na selección de alumnado que formará parte dos grupos extraordinarios de atención, como a aula de apoio.
- Fomento da comunicación entre o profesorado que imparte nun mesmo grupo/nivel mediante a dinamización das reunións de titores, de equipos docentes...
- Revisión do Plan Xeral de Atención á Diversidade e da súa concreción anual.
- Revisión da documentación que presenta o alumnado de nova incorporación co gallo de detectar posibles problemas.



- Establecemento de criterios e procedementos para a elaboración de adaptacións curriculares, plans de titorías...
- Colaboración co profesorado na elaboración de adaptacións curriculares (AC).
- Revisión das AC elaboradas.
- Realización de avaliacións psicopedagóxicas ao alumnado que vai a recibir medidas de atención á diversidade.
- Colaboración co equipo directivo na distribución do alumnado para artellar o mellor posible a atención á diversidade.
- Colaboración con xefatura de estudos e co profesorado titor na análise dos resultados da avaliación trimestral de cada grupo.
- Colaborar co equipo directivo e coa PT na organización das actividades de apoio e reforzó para o alumnado con NEAE.
- Asesoramento ao profesorado sobre criterios metodolóxicos a empregar para previr as DA (agrupamentos...).
- Elaborar e seleccionar material didáctico axeitado ás DA que presenta o alumnado.



- Asesoramento ao alumnado sobre aspectos importantes do proceso de ensino e aprendizaxe, como a importancia de planificar o traballo, as técnicas de estudo, os programas de enriquecemento intelectual...
- Implicar ás familias no proceso educativo dos seus fillos, nas actividades de apoio e reforzo, na toma de decisións e na asunción de responsabilidades no que a educación se refire.
- **Avaliación:** A avaliación será inicial (valoración de necesidades), continua e formativa. En cada sesión de avaliación se recollerán datos sobre a marcha do proceso de e-a, en función da que se revisará a evolución do plan e se introducirán as modificacións necesarias. Co eido de mellorar aqueles aspectos susceptibles de mellora de cara ao vindeiro curso, o DO levará a cabo unha avaliación específica a través dunha triangulación de métodos:
 - Contrastando as experiencias mediante o intercambio de información co profesorado titor.
 - A través do seguimento do alumnado.
 - Elaborando e aplicando, sempre que sexa posible, cuestionarios dirixidos a alumnado, familias e profesorado.



4.3. Orientación Académica e Profesional.

A orientación académica e profesional é unha actividade esencial no proceso educativo que, interesándose polo desenvolvemento integral do alumnado (individual e socialmente considerado), lle axuda a mellorar o seu coñecemento e dirección persoal, co obxectivo de que acade un desenvolvemento equilibrado que lle facilite a toma de decisións vocacionais e a definición da súa carreira profesional (e consecución da mesma), así como participar na vida comunitaria de maneira eficaz.

Na educación secundaria a orientación académica e profesional reviste especial importancia debido ao momento evolutivo no que se atopa o alumnado (adolescencia) e ao carácter de transición que representa esta etapa. Por un lado supón o paso da ensinanza obrigatoria á postobrigatoria (carácter propedéutico) e, por outro, supón a finalización de estudos para incorporarse ao mundo laboral (carácter terminal). En ambos casos o alumnado ten que tomar decisións que van a condicionar o seu futuro máis próximo (optatividade, incorporación a bacharelato/FP, entorno laboral, perfís profesionais demandados...).

Ao deseñar a nosa intervención debemos fomentar a formación integral do alumnado e buscar estratexias que desenvolvan ao máximo as súas habilidades, destrezas e aptitudes.

➤ **Obxectivos.**

- Contribuir ao desenvolvemento e madurez vocacional do alumnado.



- Dar a coñecer ao alumando tanto as oportunidades académicas e profesionais que ofrece o sistema educativo como as posibilidades laborais que oferta o mercado de traballo, facilitando oportunidades de aprendizaxe e experiencia persoal relacionadas co mundo académico e o seu contorno social.
- Propiciar a autoorientación do alumnado, ofrecendo a posibilidade de poñer a proba os seus intereses, aptitudes, preferencias, necesidades... na procura dun autocoñecemento axustado e realista.
- Axudar ao alumando a adquirir destrezas de busca de emprego e toma de contacto co mundo laboral.
- Implicar ao profesorado na integración da orientación académica e profesional nas distintas materias.
- Proporcionar información sobre o POAP e as canles a través das cales se pode desenvolver aos diferentes axentes educativos.
- Asesorar ás familias para que se impliquen de xeito activo na toma de decisións vocacionais dos seus fillos/as e fomentar unha actitude de colaboración aberta coas decisións vocacionais que tomen.



➤ **Accións Prioritarias:**

- Coñecemento dos intereses e preferencias vocacionais do alumnado.
- Diseño e preparación das xornadas de orientación.
- Elaboración de dossieres con información sobre o sistema educativo (probos libres, abau, becas, probos de acceso a ciclos, ensinanzas de réxime especial...).
- Dar a coñecer ao alumnado o programa ORIENTA para favorecer o coñecemento dos seus intereses e preferencias vocacionais.
- Planificación, proposta e implementación de ACE que permitan ao alumnado o contacto directo co mundo laboral (EDUGAL, visita a un viveiro de empresas...).
- Establecemento de contactos con orientadores laborais, co técnico local de emprego, co especialista do EOE e demais institucións relacionadas co emprego.
- Recollida de información, e posterior transmisión ao equipo directivo, sobre as tendencias do alumnado na elección de optativas, itinerarios e estudos para utilizar dita información para a programación do centro e para a preparación da súa oferta educativa.



- Colaboración coa CCP no deseño da estrutura educativa co gallo de que se poida ofrecer unha resposta adaptada ás características, intereses e necesidades do alumnado (por exemplo, estudar os itinerarios da ESO ofertados polo centro para un mellor axuste coa estrutura do bacharelato).
- Asesoramento vocacional individualizado a alumnado e familias.
- Actuacións relacionadas co fomento de iniciativas emprendedoras e o autoemprego.
- **Actividades:**
 - “Coñecemos as profesións, repasamos o sistema educativo e coñecemos 2º de ESO” dirixida ao alumnado de 1º de ESO.
 - “Coñecemos as profesións, repasamos o sistema educativo e coñecemos 3º de ESO” dirixida ao alumnado de 2º de ESO.
 - “Coñecemos as profesións, repasamos o sistema educativo e coñecemos 4º de ESO” dirixida ao alumnado de 3º de ESO.
 - “Qué facer despois da ESO (opción con e sen título) destinada ao alumnado de 4º de ESO.
 - Aplicación de cuestionarios de exploración de intereses, aptitudes, valores, personalidade...



- Visita á Uvigo (alumnado de 4º de ESO) e á USC (alumnado de 2º de bacharelato).
 - Obradoiros relacionadas co mundo académico e laboral como o “Programa A Ponte” da USC.
 - Renovación do programa informático ORIENTA e difusión entre os distintos membros da comunidade educativa.
- **Avaliación:** A avaliación será inicial (valoración de necesidades), continua e formativa. En cada sesión de avaliación se recollerán datos sobre a marcha do proceso de e-a, en función da que se revisará a evolución do plan e se introducirán as modificacións necesarias. Co eido de mellorar aqueles aspectos susceptibles de mellora de cara ao vindeiro curso, o DO levará a cabo unha avaliación específica a través dunha triangulación de métodos:
- Contrastando as experiencias mediante o intercambio de información co profesorado titor.
 - A través do seguimento do alumnado.
 - Elaborando e aplicando, sempre que sexa posible, cuestionarios dirixidos a alumnado, familias e profesorado.



5. Recursos

5.1 Recursos Personais.

- Membros do DO: orientadora (xefa do departamento), a PT, o profesorado titor do ámbito lingüístico social e o profesorado titor do ámbito científico-tecnolóxico.
- Equipo educativo do centro.
- Profesionais que van a influír no desenvolvemento da programación, tanto do ámbito educativo como social: EOE, Servizos Sociais, CAFI, CEFORE, SEPE, técnico local de emprego, inspección, familias, asociacións, universidades, representantes da CIUG, etc.

Outros recursos importantes son o alumnado, representado a través da xunta de delegados, aportando as súas opinións e inquedanzas e as familias, que interveñen no centro principalmente a través do Consello Escolar.

5.2. Recursos Materiais.

- Documentación de centro: PE, PXA, Memoria anual.
- Materiais elaborados polo propio DO.
- Blogue do DO: tamboorienta@blogspot.com
- Material informático.
- Probas psicométricas.



- Referentes legislativos (disposicións legais vixentes na nosa CC.AA).

5.3 Recursos Organizativos.

É preciso destacar a importancia de que exista no centro unha estrutura organizativa que favoreza a coordinación e articule o desenvolvemento das actividades de orientación do PE.

As horas de titoría presenciais da ESO son o principal recurso organizativo para desenvolver as actividades recollidas na programación. No horario do DO atenderanse todas aquelas peticións individuais ou puntuais que vaian xurdindo.

- Reunións trimestrais do DO. Ao inicio do curso para unificar criterios, propoñer material... e ao final de cada trimestre para analizar o desenvolvemento das accións propostas, avalialas, etc. Favorecendo a retroalimentación.
- Reunións semanais do DO para coordinar as accións do plan.
- Reunións da CCP. Son o punto de referencia fundamental para o desenvolvemento da actividade orientadora xa que a esta comisión debemos elevar as nosas propostas, presentar pautas de actuación... a CCP pola súa banda márcanos prioridades, directrices, etc.
- Reunións do claustro, xa que dan cobertura legal ás propostas realizadas previamente á CCP.



- Reunións trimestrais dos equipos docentes nas sesións de avaliación. Constitúen o momento clave para facer balance, novas propostas, rectificacións... do traballo desenvolvido no referido á orientación e titoría para cada grupo concreto.
- Reunións quincenais coa xefatura de estudos, para dar forma ás propostas establecidas dende o DO, formular actuacións ante novas necesidades que vaian xurdindo...
- Días ponte, as horas nas que se poida prever con antelación suficiente a ausencia de algún profesor/a, os recreos (para as reunións co profesorado, especialmente cos titores/as);
- Reunións informais co profesorado.
- Horas de atención ao alumnado. A orientadora permanece no centro todos os recreos para poder atender as necesidades do alumnado, especialmente do de bacharelato xa que non conta con hora semanal grupal de titoría.

Finalmente indicar que a importancia dos recursos de carácter organizativo radica e que serven para potenciar mecanismos de coordinación, comunicación e intercambio de información.



6.- Criterios de avaliación do plan.

A avaliación é un instrumento de seguimento, valoración e mellora, tanto dos resultados como dos procesos educativos. Entendemos, xa que logo, a avaliación como un proceso de recollida de información, en función da cal tomaremos unha serie de decisións. Consideramos este proceso un instrumento clave de investigación e reflexión sobre a práctica educativa que pode ter, por outra banda, un grande potencial formativo.

A avaliación desta programación ten carácter formativo e persegue acadar un dobre obxectivo: por unha banda emitir un xuízo valorativo sobre o plan e, pola outra, determinar en que medida se acadaron os obxectivos propostos. Para iso contemplamos tres momentos clave:

- **Avaliación inicial**, que nos servirá para detectar as necesidades. Coñecer cal é a situación de partida e as necesidades existentes para, a partir de aí, establecer un plan de acción.
- **Avaliación continua**. Realízase durante a posta en práctica das nosas actuacións. Proporciona información sobre a marcha e aplicación do plan, o que nos axuda a incluír novas metas, realizar as modificacións que se estimen oportunas e introducir melloras.
- **Avaliación final**. Lévese a cabo ao rematar o curso e serve para comprobar o grado de consecución dos obxectivos. Os resultados da avaliación final inclúense na memoria anual, de maneira que senta as bases para establecer propostas de mellora.



Como **actividades para a avaliación** propoñemos a análise e valoración das actuacións desenvoltas nas reunións co profesorado titor, da participación dos membros da comunidade educativa na realización dos programas, dos departamentos didácticos nas reunións da CCP, a valoración dos apoios recibidos e das relacións entre o DO e os titores/as, a opinión do alumnado durante e tras finalizar a posta en marcha das actuacións, etc.

Como **instrumentos de avaliación** destacamos as enquisas, entrevistas (formais e informais), cuestionarios dirixidos aos destinatarios das intervencións, cuestionarios de autoavaliación tanto para o DO como para os titores/as, os intercambios orais, a caixa de suxestións, a análise das actas das reunións do DO, dos titores/as e da CCP e todos aqueles que poidan ir xurdindo na posta en marcha de cada actuación.

Despois das avaliacións do terceiro trimestre, o DO elabora a memoria, na que se reflectirá a nivel xeral:

- Coherencia entre obxectivos e resultados.
- Relación entre as necesidades detectadas e os obxectivos propostos.
- Eficiencia entre os resultados da intervención e o custo en relación a recursos, esforzo, tempo invertido, clima logrado, etc.



A nivel específico:

- Modificacións introducidas no desenvolvemento do plan.
- Dificultades atopadas no desenvolvemento do plan.
- Valoración do grado de consecución dos obxectivos propostos.



ANEXO I: PLAN DE APOIO AO PROCESO DE ENSINANZA E APRENDIZAXE E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

No plan de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe recóllense e desenvólvense as propostas relativas á atención á diversidade, xa que o D.O. colaborará co profesorado na atención á diversidade do alumnado, elaborando propostas relativas ao conxunto de medidas de carácter xeral e específico que se poidan levar a cabo no centro para mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe da totalidade do alumnado.

Así mesmo, o departamento de orientación determinará as intervencións específicas que lle competen neste ámbito, tanto no que se refire á súa tarefa de apoio ao profesorado coma ao seu traballo directo co alumnado.

Por todo iso, atender a unha maior heteroxeneidade de capacidades, motivacións e intereses, ou o que é o mesmo, dar unha resposta educativa persoal e adaptada a cada un dos alumnos/as que se escolarizan nos diferentes grupos, constitúe a finalidade á que se encamiñan as medidas de apoio recollidas neste plan.

Este documento é unha síntese do Plan Xeral de Atención a Diversidade que se actualizará este curso. As medidas de atención á diversidade que se porán en marcha no presente curso son:

1º de ESO:

- Reforzo educativo (tanto por parte do profesorado como da PT).
- Exención de segunda lingua estranxeira (francés).



- Agrupamento en Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas.

2º de ESO:

- Reforzo educativo (tanto por parte do profesorado como da PT).
- Agrupamento en Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas.
- Exención de segunda lingua estranxeira (francés).

3º de ESO:

- Reforzo educativo.

- 4º de ESO:

- Reforzo educativo.

O Departamento de orientación traballa co profesorado dos distintos departamentos didácticos facendo fincapé na importancia de realizar adaptacións curriculares (AC) para o alumnado con NEE e/ou cun importante desfase curricular.

ALUMNADO

Obxectivos:

- Colaborar cos titores/as e co profesorado en xeral na detección de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).



- Colaborar co profesorado titor e co profesorado en xeral na determinación do tipo de intervención máis axeitada co alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo.
- Abrir canles de reflexión para que no PE se inclúan medidas de atención á diversidade.
- Atender directamente ás demandas do alumnado, dos pais e nais e do profesorado nos diversos aspectos que inflúen no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Dar resposta a dificultades que presente o alumnado.

Actividades previstas.

- a) Realización de adaptacións curriculares (AC).
- b) Medidas preventivas da detección dos problemas ou dificultades educativas que presente o alumnado.
- c) Aplicación de programas de técnicas de traballo intelectual na ESO.
- d) Actividades de habilidades sociais.
- e) Programas de apoio e reforzo educativos. Nos casos en que se considere necesario poranse en marcha actividades de apoio e reforzo para o alumnado que así o requira.
- f) Contemplan o deseño dos programas de reforzo, recuperación e específicos personalizados para o alumnado do Centro.
- g) Colaborar na avaliación inicial, con emprego de probas estandarizadas, nas materias instrumentais.
- h) Asesoramento e seguimento da optatividade na ESO e Bacharelato.



- i) Asistencia ás sesións de avaliación, recollendo a máxima información sobre os alumnos e alumnas, para detectar as posibles dificultades de aprendizaxe.
- j) Reunións cos Departamentos didácticos para asesoralos na elaboración das programacións de área e nos informes da competencia curricular, a secuencia dos obxectivos e contidos e nas estratexias para a elaboración das adaptacións curriculares e a formación profesional básica.
- k) Atención ás familias que así o demanden a través dos titores e titoras, ou que o centro derive ao DO.
- l) Coordinación con xefatura de estudos para establecer os criterios organizativos sobre os agrupamentos e horarios dos alumnos con necesidades especiais de apoio educativo.
- m) Reunións cos titores/as para traballar problemas específicos.
- n) Coordinación co profesorado para empregar as estratexias e instrumentos máis apropiados a cada caso.
- o) Atención aos alumnos con trastorno por déficit de atención e hiperactividade que neste centro e especialmente significativo.

As actuacións desenvolveranse con tres tipos de medidas:

a. **Preventivas:**

- Programaranse as accións necesarias para poñer en marcha accións previas á aparición de situacións problemáticas.
- Avaliación inicial para detectar alumnado con dificultades.



- Emprego de probas estandarizadas para a avaliación inicial das materias instrumentais.
- Avaliación do nivel de competencia curricular a cargo dos diferentes departamentos didácticos.

b. Ordinarias:

- Establecemento de grupos de reforzo das técnicas instrumentais básicas.
- Preparación de materiais para o alumnado ou grupos que precisen programas específicos como resultado da avaliación.
- Atención individualizada ao alumnado que así o requira.
- Atención individualizada aos pais/nais do alumnado co fin de asesoralos en todo o relacionado co desenvolvemento académico e persoal dos seus fillos/as.
- Acolida ao alumando de incorporación tardía ao sistema educativo español.

c. Extraordinarias:

- Atención a tódalas demandas que se se presenten ao longo do proceso de desenvolvemento do alumnado.

PROFESORADO

Obxectivos:

- a) Alumnado: Traballar as técnicas instrumentais (lectoescritura, cálculo e resolución de problemas) para mellorar o seu rendemento académico e desenvolvemento persoal.



- b) Profesorado: Aplicar o plan de acción tutorial de forma consensuada e con reunións de coordinación entre os titores/as e o departamento de orientación.
- c) Centro: Contribuír a difundir as melloras acadadas.
- d) Familias: Procurar un clima de entendemento e colaboración entre as familias e o centro, así como colaborar na súa incorporación a nosa comunidade educativa.

Contidos e Actividades:

Alumnado:

1. Observación.
2. Razoamento.
3. Comprensión.
4. Lectura.
5. Cálculo.
6. Resolución de problemas.

Profesorado:

7. Contidos do plan de acción tutorial.
8. Actividades de asesoramento e información.



Centro:

9. Actitudes ante as novas tecnoloxías e o seu correcto emprego.
10. Actitudes ante o tabaquismo.
11. Actitudes ante as sustancias nocivas.
12. Importancia da limpeza.
13. Organización do centro.

Familias:

14. Informalos, a nivel xeral do funcionamento do centro, e a nivel particular do funcionamento das titorías.
15. Reunións individuais coas familias do alumnado de nova incorporación ao centro, en particular, o alumnado de incorporación tardía o sistema educativo español.
16. Necesidade de reunións individuais coas familias do alumnado con situacións particulares que así o requiran.
17. Reunións informativas acerca da nova lexislación.

Actividades:

18. Traballo en pequenos grupos (un por cada etapa educativa que hai no centro) para o deseño das actividades que se levarán acabo nesa etapa.
19. Practicar as principais técnicas de traballo en grupo. Discutir cales poden ser máis axeitadas para o noso traballo.
20. Análise práctico das principais características e modalidades de entrevistas.
21. Practica de numerosas actividades para traballar as técnicas instrumentais.



22. Traballar coas técnicas de clasificación de libros.

23. Análise práctico de diversos medios para abordar a Educación en Valores dende cada unha das materias curriculares.



ANEXO II: PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

O Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP) ten como finalidade favorecer a toma de decisións de carácter vocacional por parte do alumnado tendo en conta a complexidade do sistema educativo e produtivo.

A incertidume a inestabilidade social e o gran número de alternativas formativas e laborais, implican no alumnado maiores dúbidas e inseguridades. É importante que á hora de decidir, o alumnado se informe, reflexione e tome as decisións máis acordes coas súas capacidades, intereses e motivacións, en definitiva, que desenvolva a súa madurez vocacional, de xeito que se reduza o azar e as decisións pouco meditadas nas súas eleccións.

O artigo 16 do Decreto 86/2015 establece que a orientación educativa e profesional recibirá unha especial atención en cada un dos cursos da ESO, así como no bacharelato. De ahí a importancia deste documento.

1. **Obxectivos.**

I. Obxectivos Referidos ao Alumnado.

- Estimular a toma de conciencia e valoración das propias aptitudes, intereses, motivacións e factores de personalidade, en relación cos estudos e profesións.
- Espertar actitudes e valores dirixidos á procura de información acerca do sistema educativo e laboral.
- Recoñecer a estrutura do sistema educativo, itinerarios formativos,



condicións de acceso e titulacións que se acadan.

- Tomar conciencia da oferta da formación profesional ocupacional, as condicións de acceso, e as certificacións que se obteñen, así como a súa vinculación coa FP.
- Desenvolver habilidades e estratexias para a toma de decisións persoais e vocacionais.

II. Obxectivos referidos ao Equipo Docente.

- Proporcionar estratexias concretas para incorporar a través das distintas áreas contidos vocacionais.
- Asesorar e coordinar aos titores/as, conxuntamente coa xefatura de estudos, no desempeño da acción orientadora ao longo dos diversos cursos.
- Facilitarlles materiais, recursos, así como estratexias concretas de actuación referidas ao ámbito académico profesional (programas de toma de decisións, programas de orientación ou auto-orientación profesional, programas informáticos...).
- Facilitar e promover a actuación doutros axentes orientadores externos (EOE, universidades, Servizo Galego de Colocación...)

III. Obxectivos Referidos ás Familias.

- Implicar ás familias no proceso orientador dos seus fillos/as, concienciando da importancia do mesmo.
- Informar e asesorar aos pais/nais sobre os itinerarios educativos e as opcións profesionais a través das reunións trimestrais e de xornadas de



orientación abertas.

B. Contidos

Os contidos do programa organízanse arredor de catro núcleos temáticos que se traballarán con diferente nivel de profundidade segundo os cursos:

Bloque 1: Autocoñecemento e autoestima.

Bloque 2: Coñecemento do sistema educativo e do mundo laboral.

Bloque 3: Toma de decisións.

Bloque 4: Inserción laboral.

Bloque 1: Autocoñecemento e autoestima. Actividades coas que se pretende que o alumnado reflexione sobre unha serie de características persoais: capacidades, habilidades, destrezas, motivación, preferencias e intereses e de que reflexionen sobre os resultados que acadaron en cursos anteriores e sobre as súas posibilidades futuras.

Bloque 2: Coñecemento do sistema educativo e do mundo laboral. Traballarase en todos os cursos priorizando os aspectos formativos relacionados coas decisións máis inmediatas que teñan que tomar os alumnos/as. De xeito máis específico e profundo abordarase en 4º da ESO e 2º de Bacharelato.



Contidos:

- A ESO: estrutura, obxectivos, materias, avaliación e promoción. A optatividade e a súa vinculación con estudos posteriores.
- Saídas formativas para os alumnos/as que non acadan o título da ESO: FPB, probas libres para o acceso a ciclos formativos e para a obtención do título da ESO, ensinanzas de adultos...
- As familias profesionais, a oferta C.F de grao medio e superior, os módulos profesionais...
- O Bacharelato: finalidade e estrutura curricular: materias obrigatorias, propias de modalidade e optativas e a súa vinculación coas vías da AVAU e cos estudos universitarios.
- AVAU: estrutura da proba e materias de exame. A avaliación e cualificación da proba.
- Acceso por dúas vías: a FP e a súa vinculación coas diferentes graos universitarios.
- Os estudos universitarios: tipos de titulacións, os plans de estudos renovados Titulacións que se acadan. Condicións de acceso, matrícula e pre-inscrición. Oferta de estudos no SUG.
- A formación profesional ocupacional. Plan FIP, escolas obradoiro.
- Saídas profesionais. Os novos filóns de emprego. O autoemprego.
- Recursos e fontes de información. Internet, xornais, COIEs, SUG e CIUG.



- Busca e recollida de información sobre as diferentes opcións formativas da comarca.
- Elaboración de itinerarios formativos para acadar diferentes estudos e profesións e resolución de casos simulados.
- Realización, e seguimento da Guía de Orientación Académica e Profesional.

Bloque 3: A toma de decisións.

Traballarase, a distinto nivel, en todos os cursos fundamentalmente incorporadas a través das actividades de titoría e de programas de orientación concretos.

Contidos

- Determinantes da elección vocacional: condicionantes persoais, socioeconómicos, familiares e de xénero.
- As variables persoais: aptitudes, personalidade, intereses, valores, rendimento..
- O proceso de toma de decisións: estratexias e variables persoais que inciden na T.D.
- Realización de cuestionarios de intereses e preferencias profesionais, e de probas de aptitudes formais e informais e identificación dos propios intereses e aptitudes.
- Resolver situacións de toma de decisións ordinarias e vocacionais reais e simuladas.
- Realización, e seguimento da Guía de Orientación Académica e Profesional.



Bloque 4: O proceso de inserción laboral.

Abordarase, fundamentalmente co alumnado que teña previsto abandonar o sistema educativo.

Contidos:

- Técnicas para a búsqueda de emprego: as ofertas na prensa ou en internet, o Servizo Galego de Colocación, ETT, confederacións de empresarios, sindicatos...
- O proceso de selección de persoal nas empresas privadas: probas psicotécnicas, a entrevista, o currículo, carta de presentación.
- O proceso de selección nas empresas públicas
- O acceso aos corpos de seguridade, garda civil e militares: condicións de acceso, tipo de probas.
- Procura e recollida de información a partir das diferentes canles para buscar traballo: contactos persoais, o SGC, as ETT, medios de comunicación, portais web relacionados coas ofertas de traballo, oferta pública de emprego...
- Redacción e cumprimentación de solicitudes de traballo, cartas de presentación, currículum vitae e instancias.
- Análise de convocatorias de oposicións á función pública.
- Observación e escenificación de diferentes situacións de entrevista de traballo e realización de probas psicotécnicas.



ANEXO III: PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.

1. INTRODUCCIÓN.

O PAT é o documento no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e o funcionamento das titorías no centro. Atendendo ás directrices establecidas pola CCP, o DO elaborará o PAT, en colaboración cos titores/as, deseñando as estratexias e criterios xerais que deberán orientar o labor de todos os titores/as ao longo do curso e achegando a información e material que se requira.

Á hora de abordar o desenvolvemento da acción titorial, compre sinalar que non pode sustentarse en actuacións individuais e iniciativas illadas do titor/a. A responsabilidade de planificar accións co alumnado debe ser compartida.

A través do Departamento de Orientación preténdese coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de titoría preparando, seleccionando e difundindo material, participando nalgunha sesión de titoría grupal (cando o titor/a así o demande, sobre todo cando se traballe a orientación vocacional), colaborando na información ás familias, participando nas sesións de avaliación, asesorando na elaboración de AC.

Cada actuación en titoría require empregar unhas técnicas de traballo adecuadas. O D.O. pode e debe servir de apoio na elaboración e desenvolvemento de ditas técnicas.



2. OBXECTIVOS:

▪ Alumnado:

- Favorecer o desenvolvemento psicosocial do alumnado a través de accións encamiñadas ao coñecemento de si mesmos, o desenvolvemento da súa autoestima, e a alcanzar a súa propia autoorientación.
- Optimizar o proceso de ensino – aprendizaxe.

▪ Profesorado:

- Coordinar o traballo das titorías e asesoralos no desempeño da acción tutorial.

▪ Familias:

- Cooperar nas relacións profesorado titor-familias na resolución de problemas que afecten os seus fillos/as.
- Orientar ás familias para que asuman responsablemente a educación e orientación dos seus fillos.
- Demandar a súa colaboración para as distintas actividades e programas que se realicen no centro, así como potenciar a relación e colaboración entre pais, nais e profesorado.

▪ Centro:

- Coordinar xunto co equipo directivo e docente as accións encamiñadas ao desenvolvemento da acción tutorial.

▪ Outras institucións:

- Coordinar as distintas accións que relacionen a acción tutorial con outras institucións do entorno.



1º de ESO

1º TRIMESTRE

- Acollida do alumnado: presentación do titor/a, horarios, normas de convivencia, dereitos e deberes do alumnado, percorrido polas instalacións, entrega dun plano do centro...
- Elección de delegado/a.
- Acollida as familias: presentación do profesorado titor; darlles a coñecer as normas de organización e funcionamento do centro, o horario de atención a pais e nais, entrega de documentación informativa sobre o covid...
- Habilidades sociais, formación do grupo, comunicación.
- Charla sobre Riscos de Internet que se enmarca dentro do Plan Director para a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos.
- Planificación e organización do estudo.
- Celebración de efemérides: 25N,
- Actividades de reflexión de preavaliación e postavaliación.

2º TRIMESTRE

- Actividades para conmemorar o día Escolar pola Paz e o día mundial da auga.
- Actividades básicas de habilidades sociais (estilo asertivo, pasivo, agresivo)
- Actividades de prevención de drogadicción.
- Actividades para mellorar o autoconñecemento e autoestima.
- Planificación e organización do estudo.



- Actividades de reflexión de pre-avaliación.
- Actividades didácticas a partir dalgún fragmento de película, documental para traballar valores

3º TRIMESTRE

- Coñecemento do sistema educativo: a etapa ESO (POAP).
- Actividades de HH.SS.
- Actividades de Benestar Emocional.
- Actividades de reflexión de preavaliación e postavaliación
- Actividades didácticas a partir dalgún fragmento de película, documental para traballar valores.

2º de ESO

1º TRIMESTRE

- Acollida do alumnado: presentación do titor/a, horarios. Normas de convivencia. Dereitos e deberes do alumnado.
- Elección de delegado/a.
- Acollida ás familias: presentación do profesorado titores; dar a coñecer as normas de funcionamento do centro, entrega de documentación informativa,..
- Autocoñecemento, autoconcepto e coñecemento mutuo.
- Planificación e organización do estudo.
- Actividades de Benestar Emocional.



- Actividades de reflexión de preavaliación e postavaliación.
- Actividades didácticas a partir dalgún fragmento de película, documental para traballar os valores (documental: camino a la escuela)

2º TRIMESTRE

- Actividades para conmemorar o día Escolar pola Paz e o día mundial da auga.
- Actividades de técnicas de traballo intelectual (esquemas e realización de resumos).
- Actividades de habilidades sociais (escoita activa).
- Actividades de Benestar Emocional.
- Charla sobre violencia de xénero que se enmarca dentro do Plan Director para a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos.
- Actividades de reflexión de preavaliación e postavaliación.
- Actividades didácticas a partir dalgún fragmento de película, documental para traballar valores...

3º TRIMESTRE

- Orientación académica, elección de materias para cursar en 3º de ESO.
- Actividades de prevención de drogadicción: alcohol e tabaco.
- Actividades de reflexión de preavaliación e postavaliación.
- Actividades didácticas a partir dalgún fragmento de película, documental para traballar os valores.



3º de ESO

1º TRIMESTRE

- Acollida do alumnado: presentación do profesorado titor, horarios. Normas de convivencia. Dereitos e deberes do alumnado.
- Elección de delegado/a.
- Acollida a país: presentación dos titores/as; dar a coñecer as normas de funcionamento do centro, entrega de documentación informativa,..
- Obradoiro sobre saúde: Cruz Vermella.
- Actividades de reflexión de preavaliación e postavaliación.

2º TRIMESTRE

- Actividades de prevención de drogodependencias a través do programa da Cruz Vermella.
- Actividades para conmemorar o día mundial da auga e do día Escolar pola Paz.
- Obradoiros saúde- educación emocional: “Coñecémonos” impartido polo QUEROTE + dentro do Plan Proxecta.
- Educación sexual: Riscos de transmisión de enfermidades.
- Actividades de reflexión de preavaliación e postavaliación.



3º TRIMESTRE

- Actividades de orientación académica: coñecemento dos distintos itinerarios de cara o próximo curso. Elección de materias segundo opción de matemáticas aplicadas ou matemáticas académicas en 4º da ESO.
- A toma de decisións.
- Actividades de preavaliación e postavaliación
- Actividades didácticas a partir dalgún fragmento de película, documental para traballar os valores (documental: camino a la escuela).

4º de ESO

1º TRIMESTRE

- Acollida de alumnos/as: presentación do profesorado titor, horarios. Normas de convivencia. Dereitos e deberes dos alumnos.
- Elección de delegado/a.
- Acollida a país: presentación do profesorado titor; dar a coñecer as normas de funcionamento do centro, entrega de documentación informativa,..
- Charla sobre o “Programa de divulgación en Doazón e Transplante” organizado pola Oficina de Coordinación de Transplantes (OCT) Autonómica de Galicia
- Actividades para a mellora da convivencia:
- Charla sobre a Lei 5/2000 de responsabilidade penal do menor a través do Programa Ktorce 18 impartida pola asociación Arela.



- Charla sobre Acoso escolar a través do plan director para a convivencia e mellora da seguridade escolar.
- Traballo sobre os dereitos humanos.
- Actividades de reflexión de preavaliación e postavaliación
- Actividades didácticas a partir dalgún fragmento de película, documental para traballar os valores (documental: camino a la escuela)

2º TRIMESTRE

- Actividades para conmemorar o día mundial da auga e día Escolar pola Paz.
- O proceso de toma de decisións (POAP).
- Realización de cuestionarios de interese profesionais (POAP).
- Programa de HHSS.
- Actividades de reflexión de pre-avaliación.
- Actividades didácticas a partir dalgún fragmento (documental película..)

3º TRIMESTRE

- Charla sobre Educación Sexual impartida por unha sexóloga.
- Información sobre as distintas posibilidades ó rematar a ESO.
- A demanda profesional: introdución de técnicas de búsqueda de emprego (como realizar un CV, unha carta de presentación, como enfrontarse a unha entrevista de traballo, resposta a anuncios,...)
- Información sobre datos de interese para o alumno para a toma de decisións finais ó rematar a etapa.



- Actividades de reflexión de preavaliación e postavaliación.
- Traballo sobre os dereitos humanos. Identificación dos distintos artigos e lectura de comentario de textos.



BACHARELATO

- Asesoramento individualizado ó alumnado que o necesite ou o solicite.
- Información puntual ao alumnado de calquera tema de interese para eles, a través dos titores, paneis informativos na aula.
- Charlas da USC para o alumnado de 1º e 2º de Bacharelato. Oferta educativa. Becas. Residencias.
- Visita guiada co alumnado “programa encontros na USC” para 2º de Bacharelato, elixirase o itinerario segundo interese do alumnado do Bacharelato.
- Visita a fundación TICS (aproximación as novas profesións relacionadas co audiovisual)
- Información individualizada ás familias por parte do profesorado titor ou a orientadora cando o demanden.

CONMEMORACIÓNS A TER EN CONTA

- Conmemoración do “Día contra a violencia de xénero” actividades destinadas a promover a igualdade entre homes e mulleres. Conectando cas actividades do plan director. 25 de novembro
- Conmemoración do “Día Internacional dos Dereitos Humanos”, 10 Decembro.
- Conmemoración do “Día escolar da non Violencia e da Paz” 30 de Xaneiro.
- Conmemoración do “Día da muller traballadora” 6 de marzo.
- Conmemoración do “Día mundial da Auga” 22 de marzo.



4. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO:

Para a avaliación global seguiranse os seguintes pasos:

- **Avaliación inicial:** Recollida de datos e suxestións sobre este Plan nas reunións do Departamento de Orientación, na CCP e das achegas dos Seminarios e Departamentos didácticos, cando a houbese.
- **Avaliación do proceso:** Recollida de información a través das reunións periódicas do DO e da CCP e das sesión de avaliación sobre as actividades realizadas, e analizando as dificultades que se presentan e propoñendo os cambios necesarios.
- **Avaliación final:** Realización da memoria cos datos aportados polo profesorado titor, os Departamentos, así como aqueles adquiridos a través de consultas, cuestionarios, entrevistas, contraste de experiencias, etc. Esta memoria incluirá:
 - Enumeración das actividades realizadas e o seu grao de eficacia e cumprimento.
 - As dificultades atopadas e Os factores que influíron nas dificultades.
 - Os aspectos que será necesario modificar e mellorar.

Esta avaliación farase a través das memorias que presentan cada un dos titores a final de curso, para formar parte da memoria do DO. Nesta memoria inclúiranse os seguintes apartados:



- Bloques que se traballaron ao longo do curso.
- Actividades realizadas, especificando o tipo e número delas.
- Resultados obtidos no alumnado.
- Dificultades atopadas na aplicación das actividades e no desempeño da acción tutorial.
- Propostas de mellora.

Respecto aos recursos para facer a avaliación do PAT utilizarase, sobre todo, a observación de cada actividade e as entrevistas cos titores/as e o alumnado en xeral, así como a finais de curso os cuestionarios para titores/as a alumnos/as sobre a valoración das titorías.

Marín a 20 de setembro de 2023

Asdo: A Xefa do DO

Noelia Álvarez Acevedo